

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO SERVIZO DE BAR E MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA DO CASTRO**

Ante a necesidade deste Concello de realizar a contratación do servizo de mantemento da piscina descuberta sita na Pía do Loureiro (Cerámicas do Castro) na tempada de verán de 2017 así como da xestión dun bar dentro das instalacións, se redactan as presentes prescricións técnicas:

### **Servizos a prestar e obrigas da empresa adxudicataria**

1) O horario de apertura ao público será de luns a domingo en horario de 12:00 a 20:00 horas.

2) A prestación do servizo abarcará:

a) Solicitar/tramitar a correspondente autorización sanitaria de funcionamento para a instalación.

b) Servizo de control da entrada.

- Encargarse da apertura e peche da instalación (deberá presentarse na instalación quince minutos antes do horario de apertura).
- Velará polo correcto uso da instalación e dos seus equipamentos.
- Controlará a entrada de usuarios na zona da piscina.

c) Mantemento da piscina.

- Posta en marcha da piscina (baleirado do vaso, limpeza e enchedura do vaso, corte herba, revisión e posta en marcha da maquinaria).
- Mantemento durante o período de apertura ao público e achega de medios mecánicos para a limpeza e desinfección do vaso, segundo a normativa vixente.
- Hibernación da instalación (desmontar as bombas e demais maquinaria susceptible de corrosión, e aplicación de produtos para o mantemento invernal).
- O adxudicatario estará obrigado a realizar un parte diario das actuacións de mantemento e limpeza realizadas na instalación.

d) Limpeza dos vestiarios, praia e vaso da piscina.

- Limpeza diaria dos vestiarios/aseos e zona de praia da piscina (a limpeza dos vestiarios e baños deberá realizarse cunha periodicidade de dúas horas no tempo de apertura das instalacións, tendo un marxe de 20 minutos para a súa realización. Neste sentido se entende que deberán estar os vestiarios e os baños limpos na apertura das instalacións e manter unha limpeza cada dúas horas 14:00, 16:00, 18:00 e no peche, tendo para ese traballo un marxe de 20 minutos
- Aspirado do fondo do vaso cunha frecuencia mínima de tres veces por semana.
- Limpeza das paredes do vaso cunha frecuencia mínima de unha vez por semana.
- En circunstancias especiais, o adxudicatario preverá a asistencia de maneira urxente dun retén de limpeza para o correcto funcionamento do servizo.

3) O adxudicatario correrá cos gastos de subministro de todos os materiais e produtos que sexan necesarios para o mantemento da auga, así como da limpeza de vestiarios e aseos.

4) O adxudicatario contratará ao persoal necesario para o desenvolvemento dos servizos que lle encomende o Concello.

5) Debido a que o servizo deportivo que se pretende contratar implica contacto habitual con menores, a empresa adxudicataria, antes do inicio do servizo, presentará, de todo o persoal adscrito ao mesmo, o correspondente Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Este certificado deberá presentarse tamén para o persoal substituto ou novo persoal que se pretenda adscribir ao servizo durante a execución do contrato.

6) O adxudicatario queda obrigado a ter un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 600.000,00 euros, requisito que será esixible con carácter previo á formalización do contrato.

En calquera caso o adxudicatario rexerá pola normativa vixente en materia técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo (Real Decreto 742/2013, de 28 de setembro – BOE nº 244 do 11/10/2013 e Decreto 103/2005, de 6 de maio – DOG nº 90 do 11/05/2005).

7) O servizo debe figurar sempre como prestado aos veciños polo Concello, independentemente de que o persoal e o material sexa aportado pola entidade adxudicataria.

### **Instalación do bar**

O adxudicatario poderá instalar e explotar comercialmente un bar que estará aberto no horario que permaneza aberta a instalación, para venda de xeados, lamberetadas, refrescos e bocadillos.

As dimensións do bar terán un máximo de 4x4 metros. Asemade poderase instalar un máximo de 4 mesas, 16 cadeiras e 4 parasois para as mesmas.

A instalación do bar consistirá nunha barra de bar provisional sen cociña, con estrutura totalmente desmontable, situarase no punto exacto que determine o Concello, sen poder variar a súa situación por ningunha circunstancia sen expresa autorización do Concello e a súa distribución, mobiliario e demais elementos axustarase, no seu caso, ás instrucións dos servizos municipais. Corresponde ao adxudicatario adecuar dita instalación ao uso para o que está destinada, previamente ao inicio da súa explotación, e dotala das subministracións e das autorizacións necesarias. Todos os custes de instalación e funcionamento serán a cargo do adxudicatario.

### **Obrigas do Concello**

1) O Concello porá a disposición do concesionario os equipamentos necesarios para o normal desenvolvemento do servizo (piscina de 25x12,5 m. aprox., sala de máquinas e zona de vestiarios/aseos con arredor de 100 m<sup>2</sup>).

2) O Concello controlará, en coordinación coa empresa adxudicataria, a asistencia dos usuarios á instalación cunha listaxe diaria do número de usuarios.

3) O Concello dotará á instalación do servizo de socorrismo segundo a lexislación vixente coa contratación de DOUS socorristas para os meses de Xullo e Agosto.

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que o presente prego foi aprobado pola Alcaldía o 30/06/2017.

O Secretario.